

Informe de legalidade sobre o proxecto de Orde pola que se regula a proba para a obtención do título de Bacharel para persoas maiores de vinte anos na Comunidade Autónoma de Galicia

De conformidade co disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, emito o seguinte

INFORME

1. Marco normativo e competencial

O marco xurídico competencial que atribúe aos órganos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a elaboración da presente norma parte do artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia, consonte o cal é da competencia plena da Comunidade Autónoma galega a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme ao apartado primeiro do seu artigo 81 o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e garantía.

O Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional dispón no seu artigo 1 que lle corresponden a esta consellería, entre outras competencias e funcións, a planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, e a coordinación do sistema universitario.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dedica unha especial atención á educación de persoas adultas, co obxectivo de que todas as persoas teñan a posibilidade de adquirir, actualizar, completar ou ampliar os seus coñecementos e aptitudes para o seu desenvolvemento persoal e profesional. Para iso, establece os principios que deben rexela e regula as condicións nas que deben impartirse as ensinanzas para persoas adultas conducentes a títulos oficiais.

A este respecto, no artigo 5 establece que corresponde ás Administracións públicas promover ofertas de aprendizaxe flexibles que permitan a adquisición de competencias básicas e, se é o caso, das correspondentes titulacións, a aquelas persoas novas e adultas que abandonaron o sistema educativo sen ningunha titulación.

No artigo 69 dispón que as Administracións educativas promoverán medidas tendentes a ofrecer a todas as persoas a oportunidade de acceder ás ensinanzas de bacharelato e adoptar as medidas oportunas para que as persoas adultas dispoñan dunha oferta específica destes estudos organizada de acordo coas súas características. Neste mesmo artigo recolle que as Administracións educativas, no ámbito das súas competencias,



organizarán periodicamente probas para a obtención directa do título de Bacharel para persoas maiores de vinte anos.

2. Necesidade e oportunidade

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, introduciu importantes remodelacións no currículo e a organización do Bacharelato, que foron desenvolvidas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia polo Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. O decreto recolle na súa disposición adicional terceira que a consellería con competencias en materia de educación organizará probas para que as persoas maiores de vinte anos poidan obter directamente o título de Bacharel sempre que demostren alcanzar os obxectivos e as competencias clave do Bacharelato. As devanditas probas, que deberán contar coas medidas de accesibilidade universal e as adaptacións que precise todo o alumnado con necesidades educativas especiais, organizaranse de maneira diferenciada segundo as modalidades do Bacharelato.

En aplicación do Decreto 118/2023, do 27 de xullo, polo que se modifica o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, as probas para a obtención directa do título de Bacharel que se realicen na Comunidade Autónoma de Galicia a partir do curso 2024-2025 organizaranse baseándose na configuración curricular establecida no Decreto 157/2022.

Por todo o exposto, cómpre fixar no marco normativo descrito as disposicións de carácter xeral que rexan a proba para a obtención do título de Bacharel para maiores de vinte anos no ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Tramitación

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, establece no capítulo II do seu título II o procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral. O artigo 41 regula a fase inicial e sinala que a elaboración das devanditas disposicións iniciárase por acordo da persoa titular da consellería na que se encadre o centro directivo que tivese a iniciativa. O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, iniciou o presente procedemento por acordo do 22 de novembro de 2024.

Así mesmo, dispónse que iniciado o procedemento, con carácter previo á elaboración do anteproxecto, levarase a cabo unha consulta pública previa a través do Portal de transparencia e Goberno aberto. A este respecto cabe indicar que segundo consta no certificado emitido pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a presente proposta normativa expúxose publicamente na fase “Consultas abertas” da sección “Consulta pública previa” do Portal de Transparencia e Goberno aberto, durante o período comprendido entre o 26/11/2024 e o 10/12/2024, no que non se recibiron achegas/opinións ningunhas.



A súa vez, a disposición adicional decimosexta establece que para contribuír ao obxectivo de cumprir os principios de racionalización, simplificación e mellora da calidade normativa, unha vez iniciado o procedemento de elaboración de anteproxecto de lei ou de dipsocións administrativas de carácter xeral, para a redacción do correspondente anteproxecto de norma constituirase unha comisión coa composición que determine o centro directivo que tivese a iniciativa e na que se integrá, polo menos, a persoa titular da secretaría xeral técnica da correspondente consellería.

O apartado cuarto da citada disposición a dicional décimo sexta, dispón que non será precisa a constitución da comisión no caso das normas orzamentarias e organizativas, cando así se exceptúe pola escasa complexidade da iniciativa normativa ou cando a proposta regule aspectos meramente parciais dunha materia, e así se xustifique no expediente. O disposto neste apartado entenderase sen prexuízo da asistencia da Asesoría Xurídica Xeral aos órganos competentes para a elaboración e redacción do anteproxecto, para cuxos efectos deberá comunicarse a esta a existencia da iniciativa normativa para que poida designar, no seu caso, o persoal letrado que levará a cabo a referida asistencia.

Consta no expediente a comunicación, do 31/12/2024, a Asesoría Xurídica Xeral do inicio da tramitación do procedemento de elaboración do presente anteproxecto, no que se xustifica a non constitución da Comisión de redacción por non considerala precisa ao regular aspectos meramente parciais da materia e presentar escasa complexidade.

A documentación achegada nesta fase foi a seguinte:

- Texto do anteproxecto.
- Memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade.
- Memoria económico-financeira.
- Táboa de vixencias.
- Informe do Servizo Técnico-Xurídico de data 18 de decembro de 2024.

Logo de finalizar esta fase do procedemento mediante a aprobación inicial do texto como proxecto de orde polo conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, o 19 de decembro de 2024, seguíronse os trámites da fase intermedia previstos no artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

De conformidade co artigo 41.5 da mesma norma, consta certificado emitido o 17 de xaneiro de 2025 pola directora da Área de Administración dixital da Amtega, no que se dá conta de que no período comprendido entre o 8/01/2025 e o 16/01/2025 (en cumprimento do disposto no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno) se expuxo publicamente na fase “En prazo de envío de suxestións” do portal de Transparencia e Goberno aberto o texto íntegro do proxecto de orde, non recibíndose ningunha suxestión. O prazo de exposición foi abreviado ata o mínimo de sete días hábiles ao abeiro do disposto no artigo 42.5 da citada norma legal, o que se xustifica axeitadamente no expediente.



Así, na tramitación do proxecto solicitáronse os informes de impacto de xénero e da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico, que se emitiron, o 13 e o 21 de xaneiro de 2025, respectivamente. En relación ás observacións formuladas no informe de impacto de xénero, redáctase memoria sobre a súa acollida no texto.

En cumprimento do disposto no artigo 42.1 da Lei 16/2010, remitiuse ás demais consellerías da Xunta de Galicia o proxecto de orde para os efectos da emisión do informe que puidera esixir a lexislación vixente. Non se recibiron alegacións.

A Asesoría Xurídica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional emitiu o seu informe favorable o 29 de xaneiro de 2025.

De conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, por considerar que se axusta á legalidade vixente, **informo favorablemente** o proxecto de Orde pola que se regula a proba para a obtención do título de Bacharel para persoas maiores de vinte anos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Santiago de Compostela, data da súa sinatura dixital

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López

